

ANTROPOLOXÍA de 1º de BACHARELATO

CARL GUSTAV JUNG: "Os medios primitivos son tan eficaces nas circunstancias primitivas como unha ametralladora ou a radio nas condicións modernas".

DOCUMENTAIS

FILMES

TEXTOS

VELAQUÍ ALGUNHAS PREGUNTAS ÁS QUE PODE RESPOSTAR A ASIGNATURA:

Como pasaron os primeiros homínidos da vida nas árbores á vida nas sabanas africanas? **Houbo un simio acuático?** Vivían os homes prehistóricos como fan hoxe en día os bosquimanos do Kalahari en Namibia? **Teñen os chimpancés unha cultura?** Como nos facemos humanos? **Non existiría humanidade sen símbolos?** Como viven os nómades? **Quen son os Masai?** E os Inuit? **E os guaraní?** E os nénets? **E os Mnong?** E os pigmeos? **É o totemismo australiano a forma máis primitiva de relixión?** É a ciencia a relixión do home moderno? **Pode ser un concerto multitudinario ou un partido da Champions un fenómeno relixioso?** En que se basa o pensamento máxico? **É a maxia unha técnica ineficaz?** Como consultan os oráculos os azande? **Pode matar unha maldición?** Que é o mal de ollo? **Que son as meigas?** Como viviron os campesiños galegos durante séculos? **Por que no campo ourensán as herencias partíanse a medias entre os fillos e no de Lugo deixábase a meirande parte só a un dos fillos?** Eran bruxas as mulleres que queimou a Inquisición en séculos pasados ou non as hai? **Para que serven as máscaras nos rituais e danzas africanas?** Curan os chamáns? **Con que finalidade inxiren drogas?** Como a sociedade nos conforma á súa imaxe e semellanza? **Pode afogarnos a presión social?** **Que é o poder?** É a crueldade inevitable para o ser humano? **Onde nace o racismo?** Como o mundo se foi facendo pequeno? **Que é a globalización?** Que acontece hoxe con África despois de séculos de caza de seres humanos seguidos de séculos de explotación colonial?

MICHEL DE MONTAIGNE: "Condenamos todo canto nos semella estraño e canto non entendemos".

